

Páxina 85, Disposición adicional sesaxésimo cuarta, no primeiro parágrafo, onde di: «...incorpórase unha disposición adicional ao texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social», debe dicir: «...incorpórase unha disposición adicional, a cuadraxésimo terceira, ao texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social».

E, máis adiante, na propia redacción da disposición, onde di: «Disposición adicional. Do réxime de Seguridade Social do persoal licenciado sanitario emérito. O persoal licenciado», debe dicir: «Disposición adicional cuadraxésimo terceira. Do réxime de Seguridade Social do persoal licenciado sanitario emérito. O persoal licenciado».

Páxina 85, Disposición adicional sesaxésimo sexta. O parágrafo inicial é o título, polo tanto debe figurar a continuación de «sesaxésimo sexta».

Páxina 86, Disposición transitoria sexta, na novena liña, onde di: «...previstos nos citados artigos e como mínimo ata o», debe dicir: «...previstos nos citados artigos e como máximo ata o».

Páxina 104, nota n.º 1 a pé de páxina do anexo V Módulos Económicos de Distribución de Fondos Públicos para sostemento de centros concertados situados nas cidades de Ceuta e Melilla, onde di: «1 Os mestres que imparten 1.º e 2.º de educación secundaria obrigatoria, serán dotados, se é o caso, do financiamento complementario co fin de lograren a progresiva equiparación cos mestres do ensino público dos mesmos cursos», debe dicir: «1 Aos mestres que imparten 1.º e 2.º curso de educación secundaria obrigatoria aboaráselles no ano 2007 en concepto de financiamento complementario a cantidade anual de 318,73 euros, co fin de lograr a progresiva equiparación cos mestres do ensino público dos mesmos cursos».

Páxina 105, anexo VIII, grupo 1, Aragón, onde di: «Palacio de la Aljafería (Zaragoza)», debe dicir: «Palacio de la Aljafería (Zaragoza)».

Páxina 107, anexo VIII, grupo III, Andalucía, onde di: «Zona arqueolóxica de Madinat Azhara. Córdoba», debe dicir: «Zona arqueolóxica de Madinat al-Zahra. Córdoba».

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4237 *REAL DECRETO 190/2007, do 9 de febreiro, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas «de minimis» destinadas á implantación de sistemas de autocontrol nos mercados de gando.* («BOE» 52, do 1-3-2007.)

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, os mercados de gando son centros de concentración de animais e teñen, como eles, unha función comercial pois que neles se reúnen animais de distinta procedencia para o establecemento de lotes homoxéneos destinados ao mercado comunitario ou nacional.

É indubidable a importancia económica e social da actividade dos mercados de gando. A concorrencia de animais a estes recintos en España é tradicionalmente grande, sendo tamén importante o número de empresas cuxa actividade económica está ligada á dos mercados de gando.

As crecentes exixencias dos consumidores en materia de sanidade e benestar animal, identificación e rastrexabilidade do gando e produtos gandeiros establecidas pola Unión Europea obrigan este tipo de explotacións a modernizaren as estruturas de comercialización.

A pasaxe dos animais vivos polos mercados é unha etapa máis dentro da vida do animal destinado á produción de carne e débese considerar como un factor integrante do control da «calidade integral» da carne.

Como consecuencia do anterior, este real decreto ten por obxecto establecer unha liña de axudas de minimis destinada a apoiar os que apliquen sistemas de autocontrol nos mercados de gando, entendidos como a implantación e desenvolvemento dun protocolo de actuacións, que con carácter previo e preventivo permiten un control máis detallado das distintas etapas, logrando un mellor aproveitamento dos seus recursos e, por tanto, dando unha resposta máis rápida e eficaz ante as posibles eventualidades que poidan afectar a consecución dos obxectivos establecidos de sanidade, benestar, identificación e rastrexabilidade do gando.

O disposto neste real decreto dítase de acordo coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

É de aplicación a este real decreto o disposto no Regulamento (CE) n.º 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado ás axudas de minimis.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, despois de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de febreiro de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas estatais de minimis en réxime de concorrencia competitiva mediante o sistema de rateo para a implantación de sistemas de autocontrol nos mercados de gando.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase como:

- Autoridade competente: o órgano competente da comunidade autónoma en que radique o mercado.
- Mercado de gando: a concentración pública de gando vivo, con fins comerciais, celebrada en lugares destinados para o efecto, en datas determinadas e con carácter regular, e autorizada como tal pola autoridade competente.

Artigo 3. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas xurídicas, públicas ou privadas, que sexan titulares dun mercado de gando, segundo o establecido na base de datos do Rexistro xeral de explotacións gandeiras creada polo Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

2. Como requisitos para a concesión da axuda os mercados deberán:

- Estar autorizados como centros de concentración para intercambios intracomunitarios segundo o Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina ou o Real decreto 1941/2004, do 27 de setembro, polo que se establecen as normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomu-

nitarios e as importacións de terceiros países das especies ovina e caprina.

- b) Celebrarse cunha periodicidade, ao menos, semanal.

Artigo 4. *Actividade subvencionable.*

1. Subvencionarase a implantación dun sistema de autocontrol cuxos requisitos mínimos se determinan no artigo 5 deste real decreto.

2. O cumprimento da lexislación obrigatoria en materia de ambiente, sanidade, benestar e identificación animal non será en ningún caso subvencionable.

3. O sistema de autocontrol será inspeccionado segundo se determine no artigo 6.

Artigo 5. *Requisitos mínimos dos sistemas de autocontrol.*

1. Os sistemas de autocontrol aplicables nos mercados de gando deberán rexistrar, ao menos, os controis que se realizan nos seguintes aspectos xerais das instalacións e actividade do mercado:

- a) Mantemento óptimo das instalacións do mercado.
- b) Formación do persoal.
- c) Organización da actividade do mercado.

2. O sistema de autocontrol incluírá, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Escolla de puntos, lugares, actuacións nas cales se debe realizar o control.
- b) Obxectivos a alcanzar ou valores guía que se espera obter nese punto de control.
- c) Frecuencia dos controis.
- d) Rexistro das incidencias cando estes obxectivos ou valores non se alcanzan.
- e) Medidas correctoras aplicadas no caso de ocorrencia de incidencias.

Artigo 6. *Controis e inspeccións.*

1. A supervisión do sistema de autocontrol poderá ser realizada pola autoridade competente ou por organismos independentes de control que verificarán, mediante visita de inspección, cunha periodicidade semestral, que se implantou o sistema. No caso de se detectaren incumprimentos, a periodicidade da supervisión do sistema de autocontrol reducirase nos termos que estableza a autoridade competente.

2. Os requisitos e procedementos de actuación dos organismos independentes de control axustaranse ao previsto no anexo.

3. As autoridades competentes realizarán as comprobacións administrativas e sobre o terreo que consideren oportunas para comprobar o cumprimento do sistema de autocontrol nos mercados. As comprobacións poderán afectar tanto as actuacións dos organismos de control como os propios mercados, con obxecto de comprobar o cumprimento do sistema de autocontrol.

Artigo 7. *Solicitudes.*

1. As solicitudes de axuda dirixiranse ao órgano competente de cada comunidade autónoma e formalizaranse nos termos que estableza a correspondente convocatoria. Deberase xuntar, ao menos, unha descrición do sistema de autocontrol a implantar nos termos previstos no artigo 4 e o orzamento detallado dos custos de implantación do sistema.

2. A presentación das solicitudes deberase producir antes do 15 de marzo de cada ano.

Artigo 8. *Contía, compatibilidade e límites das axudas.*

1. As axudas previstas neste real decreto son compatibles con aquelas outras que estableza co mesmo obxecto, se é o caso, calquera outra administración, sempre que se respecten os niveis máximos de axuda dos investimentos previstos no número 2.

2. O nivel de axuda para os investimentos previstos neste real decreto non poderá superar o 50 por cento dos investimentos subvencionables, en rexións do obxectivo 1, nin o 40 por cento nas demais rexións. Enténdese por rexións do obxectivo 1 as definidas nos artigos 3 e 6 do Regulamento (CE) n.º 1260/1999 do Consello, do 21 de xuño de 1999, polo que se establecen disposicións xerais sobre os fondos estruturais.

3. Sen prexuízo do previsto no número anterior, a axuda máxima estatal non poderá superar a cantidade de 36.000 euros por beneficiario e ano.

4. Cando o importe das solicitudes de axuda exceda a dotación dispoñible no crédito correspondente dos orzamentos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, procederase a reducir proporcionalmente as contías unitarias das axudas transferidas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

5. As axudas que se concedan de conformidade co establecido neste real decreto axustaranse ás seguintes limitacións adicionais:

- a) Como máximo, un beneficiario poderá percibir estas subvencións durante cinco exercicios consecutivos.
- b) No primeiro ano poderase subvencionar a implantación do sistema de autocontrol dese mercado.
- c) Nos anos seguintes subvencionaranse os gastos de control relativos ao sistema de autocontrol implantado no mercado.
- d) Cada beneficiario soamente poderá recibir durante tres anos a porcentaxe máxima de subvención que se fixe para cada exercicio.
- e) Cando un beneficiario reciba estas subvencións catro ou cinco anos, o importe que poderá percibir con cargo aos orzamentos xerais do Estado será, como máximo, do 40 por cento dos gastos de control o cuarto ano e do 30 por cento o quinto.

6. O conxunto da axuda non poderá superar en ningún caso a cantidade de 200.000 euros por beneficiario.

Artigo 9. *Instrución, resolución e pagamento.*

1. A recepción de solicitudes, tramitación e resolución, control e pagamento das axudas corresponderá á autoridade competente da comunidade autónoma, no prazo que para o efecto se estableza en cada convocatoria.

2. Nas resolucións de concesión das axudas teranse en conta as dispoñibilidades orzamentarias e farase constar expresamente que as axudas son de minimis e que os fondos con que se sufragan proceden dos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 10. *Financiamento da axuda.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación financiará as axudas previstas neste real decreto con cargo á aplicación orzamentaria que para cada exercicio se determine nos orzamentos xerais do Estado.

2. A distribución territorial dos créditos destinados ás presentes axudas, consignados nos orzamentos xerais do Estado a cargo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, realizarase de acordo co previsto para o efecto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Artigo 11. Xustificación do cumprimento e controis.

Os beneficiarios das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a cal foron concedidas, e a aplicación dos fondos percibidos, mediante a presentación da documentación xustificativa correspondente, no prazo e forma que determine a autoridade que as outorgou, sen prexuízo dos controis, administrativos ou sobre o terreo, que poida realizar a autoridade competente.

Artigo 12. Modificación da resolución, incumprimento e reintegro.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. Así mesmo, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, dará lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos previstos no artigo seguinte.

2. O incumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da subvención, con independencia doutras responsabilidades en que tiver podido incurrir o beneficiario, dará lugar á perda do dereito á subvención concedida, coa obriga de devolución, se esta se tiver aboado, do importe percibido incrementado co interese de demora legalmente establecido, desde o momento do seu aboamento.

Así mesmo, procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como a exixencia do interese de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos demais supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 13. Deber de información.

As comunidades autónomas remitirán anualmente ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no primeiro trimestre de cada exercicio, os datos relativos ás axudas concedidas o ano anterior.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. Normativa aplicable.

En todo o non previsto neste real decreto será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición derradeira terceira. Facultade de desenvolvemento.

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito da súa competencia, as medidas precisas para a aplicación e cumprimento deste real decreto, así como para modificar o prazo máximo de presentación das solicitudes.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 9 de febreiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO**Requisitos e funcionamento dos organismos independentes de control**

Os organismos independentes de control deberán reunir os criterios establecidos na norma ISO/IEC 17020, cun alcance que inclúa a inspección dos sistemas de auto-control dos mercados, e deberán dispor da oportuna acreditación expedida pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) regulada no capítulo II, sección 2.^a, do Regulamento da infraestrutura para a calidade e seguranza industrial aprobado polo Real decreto 2200/1995, ou calquera outra entidade de acreditación membro de EA.

De forma transitoria os organismos independentes de control que tiveren solicitado a correspondente acreditación poderán ser autorizados provisoriamente mediante resolución do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación por un período máximo de até dous anos despois da entrada en vigor deste real decreto, en tanto obteñen a acreditación, logo de solicitude e presentación da seguinte documentación:

1. Xustificación da competencia técnica para realizar a tarefa mediante:

- a) Organigrama.
- b) Persoal inspector (número).
- c) Educación inicial, formación e adestramento, coñecementos técnicos e experiencia adecuados.

2. Identificación legal do organismo.
3. Seguro de responsabilidade adecuado.
4. Tarifas.

5. Métodos e procedementos de inspección adecuados.

6. Tipo ou modelo de informe de inspección que conteña, ao menos, os resultados dos exames e determinacións, así como toda a información necesaria para comprendelos e interpretalos.

Obrigas:

Os organismos independentes de control deberán conservar para a súa posible consulta polas autoridades competentes, durante un prazo de cinco anos, os expedientes, documentación e datos dos controis realizados e dos informes emitidos.

MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E DE COOPERACIÓN

4368 *RESOLUCIÓN do 8 de febreiro de 2007, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se dispón a publicación dos regulamentos especiais número 5, número 12 e número 13, da Exposición Internacional de Zaragoza 2008. («BOE» 53, do 2-3-2007.)*

De conformidade co establecido no Convenio de París do 22 de novembro de 1928 e en modificacións posteriores, esta Secretaría Xeral Técnica dispuxo, para a debida vixencia e cumprimento daquel, a publicación dos regulamentos especiais número 5, número 12 e número 13 da Exposición Internacional de Zaragoza 2008. O Goberno tivo coñecemento destes regulamentos na reunión do